



RSS coa predición de avisos

Este documento serve de referencia documental para calquera dos RSS coa predición de avisos dispoñibles na páxina web de MeteoGalicia.

Neste documento inclúese información de predición de avisos xerada polo grupo de predición operativa de MeteoGalicia.

A modo xenérico, a referencia á información pertencente propiamente á estrutura do ficheiro RSS presentarase en formato cursiva.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais `<rss><channel>...</channel></rss>`.

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato RSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML

Parámetros que acepta o RSS

A este RSS pódesele pasar un parámetro para o **idioma**. O parámetro é `request_locale` e pode ter os seguintes valores:

`request_locale=es` → para o castelán.

`request_locale=gl` → para o galego.

Etiquetas propias do RSS

title: Título do RSS, que neste caso será “Avisos”.

link: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra os avisos.

description: Breve descrición do contido do RSS.

item: Cada grupo de etiquetas contidas entre as etiquetas `<item>...</item>` constitúe o bloque de información referida á predición de avisos. O significado de cada unha das etiquetas é o seguinte:

title: Título do aviso.

link: Ligazón á páxina web de Meteogalicia que mostra os avisos.

description: Breve descrición do aviso que se mostra.

pubDate: Data da publicación.

guid: Igual que *link*.

dc:date: Data da publicación.

Etiquetas con información da predición de avisos

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>`.

- *adversos:TipoAlerta*: Tipo de fenómeno aviso. Ten tres atributos, *nome* que identifica o nome do fenómeno, *idtipoalerta* que identifica o tipo de fenómeno e *nivelMax* que indica o nivel máximo de alerta para ese fenómeno. Dentro do tag *adversos:TipoAlerta* divídense os avisos en zonas de predición¹
- *zona*: identifica a unha zona de predición. Ten dous atributos, *nome* que identifica o nome da zona e *id* que asigna un id a cada zona. Dentro do tag *zona* divídense as alertas por tramos horarios.
- *tramo*: identifica os tramos horarios nos que se divide unha alerta para unha zona.
- *dataIni*: Data e hora de inicio da alerta. Inclúe un atributo *descripcion* coa explicación do seu contido.
- *dataFin*: Data e hora de fin da alerta. Inclúe un atributo *descripcion* coa explicación do seu contido.
- *nivel*: Nivel de alerta(1: amarelo, 2: laranxa, 3: vermello). Inclúe un atributo *descripcion* coa explicación do seu

¹ Poden consultarse as zonas de predición de avisos no documento:

http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/docs/adversos/DefinicionZonasAdversos_gl.pdf



- contido.
- *comentario*: comentario da alerta.

Os parámetros que reflicten o nivel dunha alerta

Nivel	Estado
1	amarelo
2	laranxa
3	vermello

Os identificadores que reflicten os tipos de fenómeno dunha alerta son (valores do atributo idtipoalerta):

Nivel	Estado
1	Temperatura máxima
2	Temperatura mínima
3	Precipitación 1 hora
4	Precipitación 12 horas
5	Néboa
6	Neve
7	Tormenta
8	Refacho máximo de vento
9	Vento no mar
10	Ondas

Documentos relacionados

Documento que inclúe a definición das zonas de avisos:

http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/docs/adversos/DefinicionZonasAdversos_gl.pdf

Documento que inclúe os limiares e niveis de aviso:

http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/docs/adversos/umbraisaviso_gl.pdf

Exemplo dun bloque representativo:

```
<item>  
<title>Aviso de nivel máximo amarelo de Vento no mar</title>  
<link>http://www.meteogalicia.es/web/adversos/adversosIndex.action?
```



```
request_locale=gl&idAlerta=1685&idTipoAlerta=9</link>
<description>(..)</description>
<pubDate>Mon, 17 Nov 2014 08:05:19 GMT</pubDate>
<guid>http://www.meteogalicia.es/web/adversos/adversosIndex.action?
request_locale=gl&idAlerta=1685&idTipoAlerta=9</guid>
<dc:date>2014-11-17T08:05:19Z</dc:date>
<adversos:TipoAlerta nome="Vento no mar" idtipoalerta="9" nivelMax="1">
  <zona nome="Coruña Oeste (mar)" id="339">
    <tramo>
      <dataIni descricion="Data e hora de inicio">18/11/2014 09:00</dataIni>
      <dataFin descricion="Data e hora de finalización">18/11/2014 21:00</dataFin>
      <nivel descricion="Nivel de alerta">1</nivel>
      <comentario>Ventos de compoñente sur, forza 7.</comentario>
    </tramo>
  </zona>
  <zona nome="Rías Baixas (mar)" id="400">
    <tramo>
      <dataIni descricion="Data e hora de inicio">18/11/2014 09:00</dataIni>
      <dataFin descricion="Data e hora de finalización">18/11/2014 21:00</dataFin>
      <nivel descricion="Nivel de alerta">1</nivel>
      <comentario>Ventos de compoñente sur, forza 7.</comentario>
    </tramo>
  </zona>
</adversos:TipoAlerta>
</item>
```